

CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE CERDIDO REUNIDA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL DOCE


No salón de plenos do concello de Cerdido, ás dez horas e trinta minutos da mañá do día vinte e sete de abril de dous mil doce, reúnen-se en primeira convocatoria os seguintes concelleiros que se citan a continuación: Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro, Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López, baixo a Presidencia de Dona Ana Rodríguez Montero como Alcaldesa. Non asistiu Don Benigno Galego Castro. Actúa de Secretaria Dona Paula Díaz Tie. De seguido pásanse a debate-los asuntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DO PLENO DO DÍA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE 2012. - Os membros do Pleno Os membros do Pleno non fixeron observacións algunha polo que se considera aprobada.

2.- ELECCION DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO . Lida a proposta da alcaldía do tenor literal seguinte: Unha vez iniciado o procedemento para a elección do xuíz de paz substituto deste concello por decreto da alcaldía 13/2012 de data 2 de febreiro de 2012 , e logo da rematado o período de presentación de solicitudes , anunciado no BOP do 9 de febreiro de 2012 , e atendendo o disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985 , de 1 de xullo do poder xudicial (LOPX), esta alcaldía propón a adopción do seguinte ACORDO : **PRIMEIRO** : Nomear a D^a María del Mar Caneiro Pérez , DNI 32687255 T, con domicilio no lugar de O Porto nº 29 A , parroquia de A Barqueira , Concello de Cerdido e de profesión animadora sociocultural como xuíz de paz substituta do concello de Cerdido unha vez se acreditara mediante declaración da interesada de non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade establecidas na LOPX e se comprobase ante o Rexistro Central de Penados e Rebeldes a inexistencia de nota penal algunha . **SEGUNDO** : Darlle traslado deste acordo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia así como o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Ortigueira . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría absoluta aprobaron a proposta anterior** . Cinco votos a favor da proposta dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa ,e tres abstencións dos Concelleiros Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López.

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López pregunta a alcaldía se houbo mais solicitudes , a Alcaldesa afirma que houbo outras dúas solicitudes de dúas persoas, unha de Cedeira e outra de Narón .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago , pregunta se non haberá incompatibilidade por ser unha persoa que traballa no Concello , como xa a houbo noutra ocasión no caso de Cesar. A Alcaldesa entende que non.



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

3. EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 2/2012 . SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO . Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte . Vista a relación de gatos que se pretende realizar neste expediente de modificación de créditos 5/2010, xustificado na necesidade de dotar unha partida presupostaria para cubrir gastos non previstos. E, unha vez tramitado o expediente administrativo e considerando o disposto no informe da secretaria-interventora e atendendo o disposto nos artigos 177.2 do Texto refundido da lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 , artigo 37 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril e os artigos 8 e 9 das bases de execución do actual presuposto municipal. Esta Alcaldía, propón a adopción do seguinte ACORDO: **Primeiro:** Aproba-la modificación de crédito, suplemento de crédito e crédito extraordinario 2/2012 no vixente presuposto municipal, segundo seguinte resumo:

Gastos :


Partida	Concepto	Importe
Suplemento de crédito :		
1.227.09	Traballos realizados por outras empresas	12.000,00 €
Crédito extraordinario :		
1.629.00	Outros investimentos novos asociados o funcionamento dos servizos	1.993,53 €
3.682.00	Investimentos en edificios e outras construcións	1.363,55 €
4.850.90	Adquisición de accións no sector público	500,00 €
		15.857,08 €

Ingresos:

Partida	Concepto	Importe
870 00	Remanente de tesoureira para financiar modificacións de crédito	15.857,08 €
TOTAL		

Segundo: Proceder a seguilos trámites que establece a lexislación vixente en relación a tramitación deses expedientes, procedendo a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia. A Alcaldesa. Asdo: D^a Ana Rodríguez Montero .**Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior.** Seis votos a favor da proposta dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, María José López Lamigueiro e Don Roberto Oscar López López e o voto da Sra. Alcaldesa , e dúas abstencións dos Concelleiros Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago .

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López pregunta sobre o contido das modificacións e en concreto sobre a dotación presupostaria para modificar o Plan de urbanismo . A Alcaldesa aclara que e necesario dotar de partida presupostaria para contratar a modificación do Plan Xeral que permita a ampliación do cemiterio na



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Parroquia de A Barqueira , así como uns pequenos investimentos na area de cultura e a dotación de ó redor de 500 € para participar na sociedade de turismo que se vai a crear con todos os Concellos das comarcas de Ferrol , Eume e Ortegal .

O Concelleiro D. Cándido Eusebio Prieto Lago solicita que se a futura sociedade de turismo , realiza algún vídeo divulgativo , que se requira a aparición de imaxes de Cerdido , dado que nas ultimas campañas non aparece , e entende que se pretende fomentar o Turismo en Cerdido non pode estar a casa de turismo rural pechada e o panel informativo apagado . A Alcaldesa explica que se solicitou en moitas ocasións que se amañase o panel informativo e que non o fan .

4. EXPEDIENTE DE BAIXAS XUSTIFICADAS DE OBRIGAS PERTENCENTES A PRESUPOSTOS PECHADOS .

Lida a proposta da Alcaldía do tenor literal seguinte : Lidos os informes obrantes no expediente e tendo en conta o Informe do Tesoureiro municipal no que se aclara o erro producido na contabilidade municipal o rexistrar dúas veces a mesma factura e distinto importe debido o cambio do tipo impositivo do IVE así como o escrito da empresa INSA, industrias de la salud Ferrol S.L no que se manifesta que non ten ningunha factura pendente de pago polo concello , e considerando aplicable o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 37 das Bases de execución do presuposto municipal do ano 2012, esta alcaldía propón a adopción do seguinte acordo : **PRIMEIRO** : Aprobar o expediente de baixas xustificadas de obrigacións pertencentes a agrupación de presupostos pechados dos seguintes asentos motivados polo erro na súa contabilización.


Obrigas pendentes de pago.

Ano	Concepto	Importe	Terceiro	Partida	Motivo
2.010	Factura trat. Lexionela	406,00 €	Industria de la salud Ferrol s.l.	3.227.99	Erro
TOTAL		406,00 €			

SEGUNDO : Iniciar un período de información público polo prazo de quince días hábiles , a contar dende o seguinte o da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia , a fin de que neste `prazo poida ser examinado e presentar as alegacións que estimen oportunas . . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría aprobaron a proposta anterior** . Seis votos a favor da proposta dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Roberto Oscar López López. , Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro , Do voto da Sra. Alcaldesa ,e dúas abstencións dos Concelleiros Don Álvaro Rodríguez Graña e Don Cándido Eusebio Prieto Lago .

5.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA DECLARAR O DIA 24 DE FEBREIRO DIA DE ROSALIA DE CASTRO . Lida a moción seguinte:

MOCIÓN PARA DECLARAR 24 DE FEBREIRO DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO. Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

esquecemento. A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos. Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a co-educar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural. Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO: 1. Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello. 2. Empezar e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellaría de Cultura da Xunta de Galiza no seu Calendario do Libro e da Lectura. 3. Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares, veciños, veciñas e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista. **Os membros do Pleno asistentes , en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a proposta anterior .**

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López explica que a figura de Rosalía é “senreira” para a cultura galega e coa aprobación desta moción propónse a creación dun reforzo da imaxe da escritura e da lingua galega ,sen que supoña ningún custo para as arcas municipais .

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA SOLICITAR A NOVAGALICIA BANCO UN PLAN DE CAMBIO DE PARTICIPACIONES PREFERENTES . O grupo Municipal Socialista de Cerdido, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 91.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCION, en base a seguinte EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Na rolda de prensa posterior o Consello da Xunta de Galicia do día 16 de marzo, o Sr. Presidente, anunciaba de xeito solemne unha solución para o fraude das participacións preferentes, consistente nin máis nin menos, que na submisión das partes, afectados e entidades financeiras, a un laudo arbitral. Neste senso, a maiores, o Sr. Feijóo, anunciaba que a resolución do conflito a través dun laudo arbitral requiriría a aprobación non só das dúas partes contrapostas, afectados e entidades financeiras, senón tamén do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores e da propia Comisión Europea, para aquelas entidades, caso de NOVAGALICIA BANCO, que teñan recibido cartos públicos do FROB. Con esta solución “ innovadora” , segundo o Sr. Núñez Feijóo, se pretendería dar cumprimento o mandato unánime dos tres grupos políticos presentes no Parlamento de Galicia para a busca dunha solución a fraude masiva das Preferentes. A realidade, dende calquera punto de análise, é que a solución ofertada polo Sr. Presidente da Xunta de Galicia non só é inviable senón que carece do máis mínimo rigor, manifesta a lixeireza con que a




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

máxima autoridade de Galicia trata estes temas e contribúe a xerar, aínda máis, confusión nos milleiros de afectados, que a día de hoxe ignoran que vai a ser dos seus aforros. En Galicia, segundo datos de NGB, habería corenta e tres mil afectados pola comercialización das preferentes, que se corresponderían con 950 millóns de euros aínda que segundo datos da entidade a metade estarían colocados no tramo de inversores institucionais. A diferenza das Caixas (hoxe NGB), a maioría das entidades bancarias radicadas en Galicia teñen ofertado algún tipo de solución o tema das Preferentes, mediante cambio das mesmas por outro tipo de produtos con liquidez no mercado (accións, bonos convertibles,..., etc). Mesmamente, no ámbito do estado español, outras entidades teñen ofertado cambio de participacións preferentes por depósitos a un prazo fixo, garantindo, polo tanto, a devolución dos aforros nun prazo razoable de tempo (BBK BANK CAJA SUR..) Nunha recente rolda de prensa, o Presidente de NGB, Sr. Castellano desbotaba a posibilidade de cambiar as participacións preferentes por depósitos de prazo fixo, esgrimindo, e escudándose o mesmo tempo, na negativa da Comisión Europea sobre esta posibilidade. Pola contra os responsables de NGB situaban no horizonte do mes de xuño unha hipotética solución, posiblemente a conversión das participacións preferentes en accións da nova entidade, unha solución desde logo nada recomendable. Incriblemente, para desesperación dos afectados, os responsables de NGB teñen manifestado que a entidade ten liquidez máis que suficiente para atender os seus compromisos, máxime despois de lograr máis de 9000 millóns de euros na recente poxa do Banco Central Europeo. Igualmente os máximos directivos de NGB, están a publicitar neste días por Galicia adiante, un plan 6100 millóns de euros para créditos a pymes, autónomos... etc. Dende O Grupo Socialista, creemos firmemente que a entidade ten marxe suficiente, económica e xurídica, para devolverlle os cartos os clientes estafados. Clientes estafados, que polo seu perfil aforrador son precisamente os que contribuíron a levantar o sistema de Caixas en Galicia, están absolutamente abandonados polo goberno da Xunta, incapaz de promover diante do Banco de España, da CNMV e das autoridades comunitarias unha solución. O Pleno do Parlamento Galego ten amosado unanimidade na hora de buscar solucións, máis estas non poden quedar limitadas a ridículas e inviables propostas que ate de agora se teñen feito dende a Xunta de Galicia. O Goberno galego ten que artellar solucións para evitar que o que hoxe é un drama económico e social para miles de galegos se siga dilatando no tempo e acabe converténdose nun auténtico problema de orde pública. As solucións existen e fai falla vontade política para instalalas e esixir o seu cumprimento. Diante desta situación, o Grupo Municipal dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte MOCION para o seu debate en Pleno. O Pleno do Concello de Cerdido insta a XUNTA DE GALICIA a:

- 1.- Dirixirse a NOVAGALICIA BANCO, para que no prazo non superior a un mes presente publicamente un Plan de cambio das Participacións Preferentes por calquera outro crédito, produto ou depósito líquido, que garanta, para aqueles que o desexen, a disposición íntegra dos cartos investidos nas mesmas, establecendo como garantía do importe do crédito, produto ou depósito concedido pola entidade NGB o valor nominal das participacións preferentes, a data de subscripción.
- 2.- Dirixirse o FROB (maioría "accionarial" en NGB), para que autorice o cambio ou troco das Participacións Preferentes por outros créditos, produtos ou depósitos líquidos, para todos os clientes que o desexen, nos termos expresados no punto 1.
- 3.- Dirixirse ó Banco de España e CNMV, para que no seu caso, presten as autorizacións oportunas a afectos de facer efectivo o cambio referido no punto 1.

Dirixirse o Banco de España e a CNMV, para que no caso de modificación da



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

titularidade “accionarial” de Novagalicia Banco, en virtude de calquera proceso de poxa ou venda mediante concurso competitivo, se esixa a constitución dun Esquema de Protección de Activos fronte a perdas futuras que poidan sufrir as Participacións preferentes respecto do seu valor nominal no data da adquisición. Asdo. Cándido Prieto Lago. Concelleiro do PsdeG-PSOE Cerdido. **Os membros do Pleno asistentes en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a moción anterior coas seguintes emendas presentadas pola alcaldía :**

Ao punto un engadíuselle o seguinte : Apoiar ás persoas afectadas pola participacións preferentes nas súas legais reclamacións, o punto segundo queda redactado como segue: Instar á Xunta de Galicia a instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores para que promova e no seu caso presta as autorizacións necesarias a Novalicia Banco e ao resto das entidades financeiras , para dar solución á recuperación do investimento realizado polo subscritores de participacións preferentes en Galicia que desexen recuperar os gastos investidos neste produto , e o punto terceiro queda redactado como a moción presentada .


O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago , explica que este problema pode derivar en conflito social como na comarca do Rosal , mércanse produtor a perpetuidade sen coñecementos , e ata houbo xente que asinou co dedo , entende que hai que arbitrar unha solución dado que son mais de 70.000 afectados e non se pode fuxir deles como o fixo o Presidente da Xunta.

A Alcaldesa explica que a Xunta tiña capacidade de xestión cando era unha caixa pero agora convertido en Banco non pode intervir e entende que o que hai que dirixirse é o Banco de España e propón o Pleno adherirse a un acordo do Parlamento de Galicia que se fixo co acordo dos tres grupos parlamentarios

O Concelleiro D. Roberto O. López López engade que non ten problema para apoiar esta moción pero que lle gustaría tamén que se apoiara as vítimas que hai da privatización das caixas , que foi autorizada polo Banco de España

7.-DAR CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA . Lida a relación que se transcribe a continuación os concelleiros déronse por coñecedores .

	Data	Descrición
Febreiro 2012		
22	22/02/2012	Convocatoria de pleno
23	24/02/2012	Autorización de uso dun local de O Castro a particular
24	27/02/2012	Recoñecemento e orde de pago de facturas de nº 1 a nº 86
25	28/02/2012	Acordo de devolución de garantía a Patricia Capa Colombo
26	28/02/2012	Aceptación da reincorporación de Sonia Pérez Teijeiro e aprobación da extinción do contrato de traballo de Mª Adela García Villadóniga
27	29/02/2012	Autorización de uso dos locais do Castro a Airiños dos Carrís



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Marzo 2012		
28	05/03/2012	Nomeamento de representante legal no procedemento contencioso iniciado por Telefonía Móviles contra a ordenanza fiscal municipal de imposición de taxa
29	05/03/2012	Remisión de expediente administrativo o TSXG e notificación a interesados do procedemento contencioso iniciado por Telefónica Móviles .
30	08/03/2012	Rexeitamento de reclamacións de cantidades e recoñecemento e aprobación das facturas de novembro de 2009 por subministro de enerxía eléctrica
31	08/03/2012	Acordo de colaboración do Club Náutico As Forcadas para usar a piscina municipal
32	12/03/2012	Acordo de solicitude de participación en varias convocatorias de programas de subvencións dirixidos a Servizos Sociais durante o ano 2012 da Deputación da Coruña
33	13/03/2012	Acordo de solicitude de participación na convocatoria de programas de subvencións de promoción económica da Deputación da Coruña
34	13/03/2012	Acordo de aprobación da liquidación do exercicio económico 2011
35	14/03/2012	Acordo de solicitude de participación no programa de subvencións de apoio a cultura e o deporte da Deputación da Coruña
36	15/03/2012	Autorización da celebración de baile e verbena en Os Casás o 17 e 18 de marzo
37	15/03/2012	Acordo de aprobación de expediente para a incorporación de remanentes
38	16/03/2012	Aprobación da certificación de obra “Camiño en Rebordaos” e de liquidación da taxa por servizos prestados
39	16/03/2012	Aprobación da certificación de obra “Acceso a Campos” e da liquidación da taxa por servizos prestados
40	16/03/2012	Acordo de persoarse no procedemento iniciado por France Telecom España S.A. contra a ordenanza fiscal municipal de imposición de taxa
41	16/03/2012	Acordo de remisión ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do expediente de aprobación da ordenanza fiscal municipal de imposición de taxa
42	21/03/2012	Convocatoria do XII Concurso de Contos 2012
43	22/03/2012	Aceptación da execución de obras varios camiños en Susloureiros, Carballás, Pazos e Regueirolongo
44	27/03/2012	Colaboración coa Cooperativa da Barqueira S.C.G. no uso dun local en Avispeira
45	27/03/2012	Autorización de uso dun local do Castro a particular
Abril 2012		
46	02/04/2012	Aprobación do padrón de contribuíntes da taxa polo servizo de axuda no fogar
47	02/04/2012	Acordo de solicitude de subvención á Deputación da Coruña para socorristas
48	04/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
49	09/04/2012	Acordo de solicitude de axudas para o fomento do emprego a través do programa de cooperación da Consellería de Traballo e Benestar
50	10/04/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a Promacer
51	10/04/2012	Autorización de uso dun local de Avispeira a Promacer
52	11/04/2012	Aprobación de facturas de nº 87 a nº 146
53	12/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
54	13/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes
55	16/04/2012	Alta no padrón municipal de habitantes



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


56	16/04/2012	Acordo de cantidades concedidas a entidades a través das subvencións nominativas
57	18/04/2012	Aprobación da proposta económica do Centro Médico San Lorenzo para a prestación do Servizo de Prevención
58	18/04/2012	Outorgamento de licencia de obras para ampliación de entrada a D. José Alberto Espiñeira Datas en Seixas
59	19/04/2012	Convocatoria de sesión da Comisión Especial de Contas

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago pregunta polo contido do Decreto nº 44/2012 sobre colaboración coa cooperativa , a Alcaldesa afirma que trata da cesión da escola para realizar unha asamblea .

O Concelleiro D. Roberto Oscar López López pregunta sobre os decretos dos procedementos contenciosos . A Alcaldesa afirma que son recursos contra a ordenanza aprobada de uso do dominio público pola telefonía móbil e que estes recursos están arquivos a espera dunha resolución do Tribunal Europeo e roga que nas altas do padrón se inclúa o lugar no que se produciu a alta para mellor información .

8. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PRIMER TRIMESTRE DE 2012. A Secretaria deu lectura o informe que se transcribe a continuación : I.- NORMATIVA APLICABLE.-Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais modificada pola Lei 15/2010, do 5 de xullo.-Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Texto Refundido da Lei de Facendas Locais -Real Decreto Legislativo 3/2011 , do 14 de novembro , polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do sector público .(TRLCSP) **.II.- CONSIDERACIÓNS.** En aplicación do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, nos seus artigos 4º. 3 e 5º. 4, en canto á obrigatoriedade de informar sobre o cumprimento, por parte desta Entidade Local, dos prazos previstos para o pagamento das obrigas, que se concretan no art.1º.3 e o art. 3º. 3 da citada Lei, para o trámite que proceda emítese o presente informe: O prazo no que as administracións teñen a obriga de abonar o prezos da obrigas , ben recollido no artigo 216 do TRLCSP e na súa disposición transitoria sexta o establecer que : O prazo de trinta días a que se refire o apartado 4 do artigo 216 desta Lei, aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Dende a entrada en vigor desta Lei e o 31 de decembro de 2011, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos cincuenta días seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. Entre o 1 de xaneiro de 2012 e o 31 de decembro de 2012, o prazo no que as Administracións teñen a obriga de aboar o prezo das obrigas ás que se refire o apartado 4 do artigo 216 será dentro dos **corenta días** seguintes á data da expedición das certificacións de obra ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato. **III.- ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS :** Que da execución presupostaria rexistrada na contabilidade municipal sobre o total de pagamentos materiais realizados entre os días 01/01/2012 e 31/03/2012 (primeiro trimestre do 2012) se obtén a seguinte información:



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


a) Facturas ou documentos xustificativos pagados no trimestre

Pagos realizados no trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Período medio pago excedido (PMPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal do pago		Fora do período legal do pago	
			Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	44.950,7	52,0049	71	41.052,02	29	21165,91
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons						
21- Reparación, Mantemento e conservación	32,02	11,51	16	5.724,94	5	3287,84
22- Material, Subministro e Outros	47,14	59,45	55	35.328,27	24	17.878,07
23- Indemnización por razón do servizo						
24- Gasto de Publicacións						
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro						
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2 - Sen desagregar						
Pendientes de aplicar a presuposto						
Inversións reais						
Aplicados a Presuposto (Capítulo 6)						
Pendientes de aplicar a presuposto						
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Aplicados a presuposto						
Pendientes de aplicar a presuposto						
Sin desagregar						
Aplicados a presuposto						
Pendientes de aplicar a presuposto						
Total	44.950,07	52,0049	71	41.052,02	29	21165,91

b) Intereses de demora pagados no período

Pagos realizados no trimestre	Intereses de demora pagados no período	
	Número de pagos	Importe total intereses
Gastos Correntes en Bens e Servizos	0	0
Inversións reais	0	0
Outros Pagos realizados por operacións comerciais	0	0
Sin desagregar		
Total	0	0

Que respecto á información relativa ao número e importe de obrigas pendentes nas que se está a incumprir o prazo de pagamento legalmente establecido se resume nos cadros seguintes:



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

a) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do trimestre. (art. 4º. 3 Lei 15/2010)


Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ó final do trimestre	Período medio do pendente de pago (PMPP) (días)	Período medio do pendente de pago excedido (PMPPE) (días)	Pagos Realizados no Trimestre			
			Dentro do período legal pago ó final do trimestre		Fora do período legal pago ó final do trimestre	
			Número de operacións	Importe total	Número de operacións	Importe total
Gastos en Bens Correntes e Servizos	13,69	0	35	29.585,30	0	0,00
Aplicados a Presuposto (Capítulo 2) por artigos						
20- Arrendamentos e Canons						
21- Reparación, Mantemento e conservación	20,66		9	8133,01		
22- Material, Subministro e Outros	11,05		26	21.452,29		
23- Indemnización por razón do servizo						
24- Gasto de Publicacións						
26- Traballos realizados por institucións s.f. de lucro						
27- Gastos imprevistos e funcións non clasificadas						
2 - Sen desagregar						
Inversións reais				16.553,63		
Outros Pagos realizados por operacións comerciais						
Sen desagregar						
Total	19,186	0	36	46.138,93	0	0,00

c) Facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales, ao final do trimestre, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación no rexistro de facturas desta Entidade Local e non se tramitaron os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga (art. 5º. 4 Lei 15/2010):

Facturas ou docum. Xustificativos ó final do trimestre con máis de tres meses da súa anotación no rexistro de facturas, pendentes de recoñecemento da obriga (Art. 5.4 Lei 4/2010)	Período medio operacións pendentes recoñecem. (PMOPR)	Pendente de recoñecemento obriga	
		Número	Importe total
Gastos Correntes en Bens e Servizos			
Inversións reais			
Outros Pagos realizados por operacións comerciais			
Sin desagregar			
Total		0	0

III.- CONCLUSIÓN: É canto se ha de informar segundo a normativa de aplicación, propondo:

- Que se de traslado do presente informe e anexos aos órganos competentes do



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


Ministerio de Economía e Facenda e da Xunta de Galicia.- Que se de traslado ao Pleno de acordo co establecido no art. 5º. 4 da Lei 15/2010.Cerdido, a dezanove de abril de dous mil doce **O Tesoureiro. A Secretaria - Interventora Asdo. Daniel Rodríguez Fraguela Asdo. Paula Díaz Tie**

O Concelleiro D. Roberto O. López López pregunta porque hai vinte e nove facturas fora de prazo . A Alcaldesa cede a palabra a Secretaria . Interventora que afirma que é moi difícil tramitar os pagos para que estes se realicen en 40 días o comezo do ano , dado que entre outras cousas o presuposto municipal entrou en vigor a mediados de febreiro .

9.- DAR CONTA DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO 2011. Despois da lectura do Decreto da Alcaldía que se transcribe a continuación, **os membros do Pleno déronse por enterados .** Tramitado o expediente da liquidación do presuposto municipal de 2011, e tendo en conta o informe emitido pola secretaria-interventora e en cumprimento do disposto no artigo 191 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo , esta Alcaldía **ACORDA: PRIMEIRO:** Aproba-la **liquidación do exercicio económico de 2011**, de acordo co seguinte detalle de resultados:

1.-Debedores pendentes de cobro a fin de exercicio:	87.524,92
a.- Debedores pendente de cobro presuposto corrente	82.675,59 €
b.- Debedores pendentes de cobro presuposto pechado	2.614,78 €
c.- de operacións non presupostarias	2.234,55 €
Cobros realizados pendentes de aplicación(-)	0,00 €
2.- Obrigacións pendentes de pago	111.488,27 €
a.- De presuposto corrente	76.900,16 €
b.- De presuposto pechado	9.260,08 €
c.-Outras operacións non presupostarias	23.328,03 €
D.- pagos pendentes de aplicación	0,00 €
3.-Fondos líquidos de tesourería a fin de exercicio	44.047,46 €
4. Remanente de tesourería total (3+1- 2)	20.084,11 €
5.- Saldo de dubidoso cobro	784,43 €
6.- Exceso de financiamento afectada	0,00 €
Remanente de tesourería para gastos xerais (4 -5-6)	19.299,68 €
1.-Dereitos Recoñecidos Netos	1.118.190,62 €
2. Obrigacións Recoñecidas Netas	1.115.602,15 €
3. Resultado Presupostario (1 - 2)	2.588,47 €
4. Desviacións positivas de financiamento	4.316,49 €
5. Desviacións negativas de financiamento	1.586,25 €
6. Gastos financiados con remanente líquido tesourería para gastos xerais	15.387,82 €
7. Resultado Presupostario axustado (3-4+5+6)=	15.387,82


SEGUNDO: Desta liquidación darase conta o pleno na vindeira sesión que celebre e se remitiran copias deste expediente á Comunidade autónoma e a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e facenda. Dado en Cerdido, a trece de marzo de dous mil doce : Do que eu como secretaria dou fe : A Alcaldesa, A Secretaria,Asdo. Ana Rodríguez Montero Asdo. Paula Díaz Tie



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

10.- MOCIONS DE URXENCIA . A.- Moción presentada polo Concelleiro D. Roberto O. López López para o mantemento do servizo de axuda no fogar . O Concelleiros D. Roberto O. López López presenta unha moción sobre a incidencia nos servizos sociais da entrada en vigor do Decreto 99/2012 do 16 de marzo sobre financiación, motivando a súa urxencia na repercusión que vai a ter no mantemento dos servizos sociais municipais . Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a súa incorporación a orde do día . e procedese a súa lectura , transcribíndose o seu contido íntegro a continuación: .O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99t2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o Servizo de ,Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se retire aos gastos derivados da prestación do Servizo de Muda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Oeste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van a ser excluídos das axudas que até o de agora viñan recibindo da administración galega.As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortadas os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao Servizo de Axuda no Fogar. O Plan de 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP os recortou en 2,4 millóns de euros.Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos cortellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do Servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos casos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como “repago”, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención. O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos. a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, 025% para os de 20.000 até 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes. Compre salientar que o Servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestructuración familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao Servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).O que se pretende con este decreto é trasladarlle aos concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galicia abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do Servizo de Axuda no Fogar Básico. A Xunta de Galiza debe asumir as súas




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino. Se non se fai así as consecuencias van a ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o “repago” a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ter recoñecida as prestacións están en grave situación de risco ou vulnerabilidade. O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais. Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO: Instar á Xunta de Galiza a a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de máis de 20.000 habitantes. b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos. c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do Servizo de Axuda no Fogar. d) Derrogar o decreto e negociar outro no marco da FEGAMP. **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por maioría rexeitaron a mocion presentada así como as enmendas presentadas.** Tres votos a favor da mocion dos Concelleiros D., Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e Don Roberto Oscar López López e cinco votos en contra da mocion dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa .

O Concelleiro D. Roberto O. López López , entende que con este Decreto a Xunta traslada aos Concellos a competencia sobre a prestación da axuda no fogar , e non entende como fai pouco o discurso da Xunta para solucionar problemas era a fusión dos Concellos e a agrupación da prestación dos servizos e agora con este Decreto fai que sexa cada Concello o responsable do servizo de axuda no fogar afirmando que así se da un mellor servizo , non son discursos coherentes . O Decreto afirma que é a Deputación que ten que financiar o servizo sen determinar porcentaxes e se a Deputación adica os seus fondos nesta nova competencia non terá recursos para adicalos a outros investimentos . Engade que con estas medidas se incrementa o traballo para o Concello así como mais cargas administrativas e con menos recursos .



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es


O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago entende que o Decreto supón menos recursos , mais participación dos usuarios e mais obrigas para os concellos , e o único no que se mellora é que as subvencións son transformadas en transferencias para os concellos . Entende que no período 2005-2010 houbo un incremento nas aportacións a servizos sociais e partir do ano 2011 houbo unha baixada o que leva consigo que os gobernos de Touriño apoiaron as prestacións sociais e o Goberno de Feijoo esta a reducilas . A demais no decreto establece o financiamento aos concellos en 9,7 €/ hora dada en servizo de axuda no fogar cando o seu custo real é o redor de 14 € / hora , e engade que coa aprobación do Decreto incúmprese o Pacto Local e presenta una emenda a moción presentada para que se incorpore o seguinte punto : Que o pleno do Concello de Cerdido inste a Xunta de Galicia á modificación do Decreto 99/2012 , do 16 de marzo , polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento , de tal xeito que se poida garantir un financiamento suficiente para poder atender as encesidas das persoas con maiores dificultades económicos e con menos recursos .

A Alcaldesa afirma que a Xunta seguirá aportando financiación para a axuda no fogar dos dependentes e que a axuda no fogar básica será financiada pola Deputación para concellos de menos de 20.000 habitantes e anuncia que a Deputación da Coruña ten unha previsión de ingreso neste concello de 17.000 € para o servizo de axuda no fogar e de 25.000 € para financiar o Traballador Social .

B.- Declaración institucional presentada pola Sra. Alcaldesa en apoio o futuro dos estaleiros de Navantia na ría de Ferrol .

A Alcaldesa presenta esta declaración , por vía de urxencia , para apoiar esta declaración presentada en todos os concellos da comarca . **Os membros do Pleno en votación ordinaria e por unanimidade aprobaron a súa incorporación a orde do día** . A Secretaria deu lectura a declaración que se transcribe de seguinte :

Atendendo á iniciativa dos concellos de Ferrol, Eume e Ortegal, relativa á sinatura dunha declaración en apoio dos Estaleiros de Navantia na ría de Ferrol, esta Alcaldía propón ó Pleno do Concello de Cerdido a adopción do acordo de adhesión ás accións a desenvolver na defensa do sector naval conforme á declaración institucional seguinte: **DECLARACION INSTITUCIONAL EN APOIO O FUTURO DOS ESTALEIROS DE NAVANTIA NA RIA DE FERROL.** A grave situación do sector naval na ría de Ferrol constitúe unha seria e fonda preocupación para o conxunto dos veciños e veciñas de Ferrolterra, Eume e Ortegal e, por extensión, para os seus representantes públicos en todos os Concellos das tres comarcas. A aguda crise que atravesan os estaleiros de Navantia Fene-Ferrol, sen novos contratos que incrementen a hoxe en día practicamente inexistente carga de traballo e as súas consecuencias en forma de destrución de empresas e de emprego na industria auxiliar, é motivo de alarma para os axentes económicos e sociais e para a sociedade en xeral, que ten manifestado a súa inqueda con varias mobilizacións masivas que de non variar a situación repetiríanse, pois está en perigo un sector estratéxico para o presente e o futuro das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal. As vinte Corporacións Municipais que




CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

refrendamos esta declaración institucional advertimos de que a carencia de novos contratos que garantan a ocupación nos estaleiros da ría así como as limitacións produtivas no ámbito da construción naval civil e das reparacións supoñen unha seria ameaza para o futuro do naval, un sector que é irrenunciábel para todos nos. Máis aínda cando nestes momentos o número de parados en Ferrolterra, Eume e Ortegal supera por primeira vez a cifra das 20.000 persoas. Por todo isto, e entendendo que o porvir das tres comarcas ten un dos seus eixos no naval, os Concellos que subscribimos esta declaración nunca nos resignaremos a contemplar o desmantelamento e a morte por inanición do sector naval na ría ferrolá nin a ningún proceso máis de pre-xubilacións, que supuxeron sempre na nosa historia a destrución de emprego. Os representantes públicos municipais de Ferrolterra, Eume e Ortegal apostamos con esta acción conxunta por uns estaleiros que representan o pasado, o presente e o futuro das nosas comarcas. Para elo, fronte á difícil situación do naval, os Concellos abaixo asinantes reclamamos con urxencia os seguintes puntos: 1- Manter unha entrevista co presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), cos Comités de Empresa de Navantia Fene – Ferrol , conxuntamente cos representantes públicos municipais e axentes sociais e económicos de Ferrolterra, Eume e Ortegal. 2- A construción do dique flotante e a reactivación da xestión comercial co obxectivo de conseguir novos contratos que garantan carga de traballo para os estaleiros da ría ferrolá, que é a verdadeira preocupación dos nosos veciños. 3- Negociación do plan industrial para Navantia , comprometido e asinado polo Sepi 4- O levantamento de todas as limitacións , impostas por Bruselas á construción naval civil a Navantia . 5- O nomeamento da nova presidencia de Navantia. 6- Instar ás organizacións políticas a buscar o cumprimento e seguimento destes obxectivos. Cerdido, 24 de abril de 2012. A Alcaldesa. Asdo. Ana Rodríguez Montero. . **Os membros do Pleno por maioría aproba a declaración institucional anterior** cos votos favorables dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro , Don Álvaro Rodríguez Graña, Don Cándido Eusebio Prieto Lago e o voto da Sra. Alcaldesa e un voto en contra do Concelleiro D Roberto O . López López . **Os membros do Pleno por maioría rexeitaron a emenda da proposta polo Concelleiro D. Roberto O. López López** . Un voto a favor do Concelleiro D. Roberto O. López López , dúas abstencións dos concelleiros D. Alvaro Rodríguez Graña e D. Cándido Prieto Lago e Cinco votos en contra dos Concelleiros Don Juan José Ramos Prieto, Don Faustino Cebreiro Paz, Don José Esmorís Aldao, Dona María José López Lamigueiro e o voto da Sra. Alcaldesa

O Concelleiro D. Roberto O. López López anuncia a presentación dunha emenda a declaración institucional presentada que se transcribe a continuación : 1. Esixir a celebración dunha entrevista urxente co presidente da Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), conxuntamente cos representantes sociais, políticos e económicos de Ferrolterra , Eume e Ortegal . 2.- Demandar do goberno do Estado: 2.1 A consignación necesaria dentro dos orzamentos xerais do ano 2012 para a construción do dique flotante , a realizar por Navantia Ferrol – Fene . 2.2 Desenvolver unha intensa actividade comercial que incida na promoción da capacidades e competitividade de Navantia e sinaladamente dos estaleiros da ría de Ferrol , buscando a captación de contratos que xeren carga de traballo . 2.3.- O inicio inmediato de negociacións na EU par conseguir o levantamento do veto á construción naval civil nos estaleiros públicos ría de Ferrol . 3.- Demandar do Goberno Galego . 3.1 Que , en cumprimento da



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

Proposición non de lei aprobada por unanimidade no Parlamento Galego o pasado día 29 de febreiro , se presente o proxecto de centro de Reparacións Navais da ria de Ferrol , comprometido polo Presidente da Xunta no coñecido como “ contrato con Ferrol “ .
3.2 Dar cumprimento efectivo da Lei 4/2010 do 23 de xuño de fomento do sector naval de Galicia , nomeadamente do seu artigo 4. para o cal deberá presentar no Parlamento Galego unha proposta concreta . 4.- Demandar das organizacións políticas , nomeadamente das que teñen responsabilidades de goberno , o cumprimento íntegro das demandas da comarca a respecto do sector naval e , nomeadamente , os asumidos por unanimidade no Parlamento Galego .

O Concelleiro D. Roberto O. López López explica que o tema do naval empeza na década dos anos oitenta , sempre con promesas de reindustrialización , polígonos industriais que non chegan , a creación de 3000 postos de traballo o abeiro do Plan Ferrol , promesas todas elas incumpridas , os axentes políticos con responsabilidades políticas apoian as manifestacións e realizan mobilizacións en Ferrol , pero logo cando chegan a Madrid ou a Santiago para votar algunha medida de apoio , abstense ou votan en contra . Esta declaración parte dunhas reunións que se inician no mes de febreiro , e entende que ademais de expoñer os motivos ou os obxectivos , esta declaración debería concretar a quen vai dirixidas e que cousas se piden , hai que concretar as demandas , é por iso polo que se presenta esta emenda a declaración que entende que non foi consensuada con todos os partidos políticos .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago anuncia que vai a apoiar a declaración presentada sen a emenda porque afirma que dende os Comités de Empresa queren unidade de acción

A Alcaldesa afirma que a ela lle dixeron que a declaración esta consensuada cos comités de empresas e con todos os concellos .

ROGOS E PREGUNTAS .


1.-O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago , pregunta:

a.- Sobre o contido da aprobación dunha nova financiación da nave de Os Casas .

A Alcaldesa afirma que vaise a incrementar a financiación da nave , para evitar que o expediente de contratación quede deserto , non se incrementa o tamaño , senon que se modifican algunhas partidas do proxecto

b.- Sobre o funcionamento da Depuradora do lugar de A Barcia .

A Alcaldesa afirma que hai que realizar unhas modificacións para funcione adecuadamente



CONCELLO DE CERDIDO (A Coruña)

C.I.F. P 1502500J Teléfono: 981 411000 FAX.: 981411027 E-mail: correo@cerdido.es

c.- Sobre un novo prego de condicións para a xestión da casa de turismo rural . A Alcaldesa afirma que houbo xente que preguntou pola xestión .

O Concelleiro D. Cándido Prieto Lago roga a Alcaldía que se revise o alumeado público de Avispeira porque se avería continuamente .

E , non habendo mais asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión sendo as trece horas e cinco minutos do día vinte e sete de abril de 2012. Do que eu como Secretaria dou fe :

A Alcaldesa

A Secretaria

Asdo. Ana Rodríguez Montero

Asdo. Paula Díaz Tie